

Un campaneiro con soleira



Chámase José Manuel Bouzas García, vive en Oleiros (A Coruña) e ten 91 anos. Con esta idade aínda ten folgos para subir a unha espadana e tocar as campás a ritmo de muiñeira ou de música tradicional galega. Practicamente toca todos os anos na romaría da Nosa Señora dos Milagres en Bandoxa (Oza-Cesuras, A Coruña). Este ano 2019, dicía que se cansaba pero, para gañarlle o cansanzo, o que facía era trocar a peza musical. Dende logo dálle un xeito moi especial de toca-las campás. Comezou dende moi novo a dar as badaladas nunha campá e o seu soño é tocar na catedral de Santiago de Compostela antes de finar. Outro desexo é tocar no programa da TVG, en concreto no programa Luar.



José Bouzas García coa súa filla o seu carón.